

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1.^a,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 08.09.2017 Hora: 10:30

A Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 8 de setembro de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 13076 (10/POC-002268)
 Grupo Parlamentario Popular de Galicia
 Prado del Río, Paula e 6 máis
 Sobre os simulacros efectuados nas instalacións industriais de Galicia que manexan substancias perigosas
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017
- 1.2 14303 (10/POC-002636)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
 Sobre a necesidade de garantir unha repartición obxectiva e responsable dos fondos da Deputación de Ourense destinados aos concellos
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017
- 1.3 14323 (10/POC-002644)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
 Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para reforzar e mellorar a situación dos xulgados de violencia contra a muller
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017
- 1.4 14348 (10/POC-002650)
 Grupo Parlamentario de En Marea
 Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis
 Sobre a recente xurisprudencia no eido contencioso-administrativo que lles reconece aos funcionarios interinos o dereito a percibir unha

-4 SET. 2017

Núm. 4190

indemnización polo tempo traballado, e as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia en relación con esta situación

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 8676 (10/PNC-000916)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilegal no Código penal, co fin de avanzar na loita contra a corrupción

Publicación do acordo, BOPG n.º 112, do 10.05.2017

2.2 9066 (10/PNC-000951)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co modelo de financiamento das entidades locais, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central para permitir o investimento polos concellos do seu superávit na liquidación orzamentaria

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017

2.3 10547 (10/PNC-001094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación dun mecanismo galego preventivo en materia de menores

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 21.06.2017


2.4 13386 (10/PNC-001255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a realización por parte da Xunta de Galicia dunha auditoría externa que avalíe a implantación do sistema LexNet en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Cesar Manuel Fernández Gil, na data 04/09/2017 12:16:06

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1.^a, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 08.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 08.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 13076(10/POC-002268)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre os simulacros efectuados nas instalacións industriais
de Galicia que manexan substancias perigosas

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 12:58
Nº Rexistro: 13076
Data envío: 26/07/2017 12:58:36.541

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, César Fernández Gil, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a **seguinte Pregunta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A atención e protección da cidadanía en situacións de emerxencia ou catástrofe é un servizo público esencial que require de medios e capacidade de reacción pero tamén, dun xeito moi destacado, dunha actividade previa de planificación e prevención.

As respostas a emerxencias de gran calado requiren dun traballo previo de planificación que asegure unha resposta ordenada e calculada. Estas planificacións poden articularse mediante plans especiais de protección civil que requiren de actualización periódica.

Así, o actual Goberno da Xunta de Galicia renovou en 2013 o Plan especial de protección civil fronte a accidentes no transporte de mercadorías perigosas (cuxa primeira versión databa do ano 2000), renovou en 2015 o Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais (cuxa primeira versión databa de 2001) e actualizou en 2016 o Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións (substituíndo a un texto do ano 2002).

Non obstante, ademais da necesaria existencia de plans ante riscos especiais, a lexislación en materia de emerxencias prevé a elaboración de plans específicos para riscos concretos: particularmente os das instalacións industriais que manexan substancias perigosas.

Ao longo destes últimos sete anos, a Xunta procedeu a aprobar ou actualizar os Plans de emerxencia exterior da totalidade de industrias galegas que o requiren.

Así mesmo, desde o ano 2016 a nosa Comunidade autónoma conta cun plan sectorial de atención a vítimas e familiares de aviación civil, conforme á normativa estatal aprobada no ano 2015, plan que foi probado nos distintos simulacros que se realizan periódicamente nos aeroportos galegos.

A maiores, a partir do ano 2013 comezáronse a realizar, nun exercicio sen precedentes na nosa Comunidade Autónoma, simulacros completos de situacións de



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 12:58
Nº Rexistro: 13076
Data envío: 26/07/2017 12:58:36.541

emerxencia en industrias como Reganosa, Alcoa, Syngenta, Foresa ou Cepsa, testando a eficacia dos medios previstos e formando á poboación sobre as indicacións a seguir.

Asemade, realizáronse varias campañas informativas así como probas das súas sereas de emerxencia para familiarizar á poboación do entorno coas pautas de actuación no caso accidente nestas industrias.

Estas actividades divulgativas da poboación e de preparación dos profesionais son tan importantes como a dotación de medios para asegurar a minimización dos danos no caso de catástrofe.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

-Cantos simulacros de plans de emerxencia se teñen efectuado ata o de agora en industrias perigosas de Galicia?

-Cal foi o resultado destes simulacros ata o momento?

-Cales son os próximos simulacros de plans autonómicos que se prevé realizar?

Santiago de Compostela, 26 de Xullo de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 26/07/2017 12:31:20

Alberto Pazos Couñago na data 26/07/2017 12:33:23

María Isabel Novo Fariña na data 26/07/2017 12:33:33

Antonio Mouriño Villar na data 26/07/2017 12:34:06

César Manuel Fernández Gil na data 26/07/2017 12:34:19

María Julia Rodríguez Barreira na data 26/07/2017 12:34:23

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2017 12:58
Nº Rexistro: 13076
Data envío: 26/07/2017 12:58:36.541

Jacobo Moreira Ferro na data 26/07/2017 12:34:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 08.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 14303(10/POC-002636)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a necesidade de garantir unha repartición obxectiva e responsable dos fondos da Deputación de Ourense destinados aos concellos

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 10:46
Nº Rexistro: 14303
Data envío: 11/08/2017 10:46:47.409



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O artigo 36 da Lei 7/1985, reguladora de bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión. Por iso, e en coherencia coa lexislación vixente nesta materia, é polo que as deputacións aproban anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

A Deputación de Ourense ten previsto no ano en curso a colaboración cos concellos a través de varios instrumentos: o Plan provincial de cooperación, dotado con 5.308.500 euros, o Plan da Rede Viaria, presupostado con 2 millóns, o plan de emprego, con 910.000 euros (a razón de 10.000 euros por concello), o de cooperación vía convenio con concellos cun orzamento total de 1,3 millóns de euros, o plan termal e o de acción social dotados cada un deles con 1,2 millóns de euros. Deles, tan só o plan provincial, o de emprego, e o de acción social, se distribúen a todos os concellos en función de criterios predeterminados de antemán, aínda que discutibles, ao facerse de xeito lineal, con independencia do tipo de concello e das súas características. Esta achega, en relación cos 77 millóns de orzamento provincial, apenas supón un investimento de pouco máis do 6 % do total. Trátase dunha partida cativa, que non permite abordar as moitas e cada vez máis crecentes necesidades que teñen nos concellos.

Estes datos contrastan co esforzo que estean a facer as demais deputacións galegas, con cifras con enriba dos 25 % do total do orzamento (ate o 43 % no caso da Deputación da Coruña); agrupando todas as subvencións aos concellos nun plan único que permite, ademais de simplificar a burocracia e axilizar as achegas, repartir de xeito obxectivo os cartos públicos en función de criterios ponderados, reducindo drasticamente a



 Grupo Parlamentario

discrecionalidade na asignación de fondos públicos provinciais, afondando así nas políticas de equidade, obxectividade, e transparencia nas accións de cooperación dos concellos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asemade, dende hai varios anos, unha vez feita a liquidación anual, a Deputación de Ourense vén arroxando un superávit importante que se distribúe case exclusivamente con criterios subxectivos e discrecionais, mecanismo que impide que moitos concellos poidan percibir achegas á marxe das establecidas nas subvencións mencionadas con anterioridade.

É preciso que nunha provincia que lidera os peores indicadores socioeconómicos e poboacionais, con máis de 300 núcleos deshabitados, se creen as condicións axeitadas para que os cidadáns e cidadás poidan vivir nunhas condicións dignas, con servizos e infraestruturas do século XXI, para o cal resulta imprescindible que os concellos poidan dispor de recursos, e dentro da súa autonomía municipal, destinalos aquilo que consideren perentorio e necesario.

Do mesmo xeito, é necesario respectar as decisións que se toman no seno da Fegamp, así como dos acordos que esta establece coa Xunta de Galicia. Así pois é preciso que se implementen os criterios obxectivos acordados por unanimidade na Federación Galega de Municipios e Provincias, que son os de superficie, poboación, entidades de poboación, e índice de envellecemento, e ofrecerlle aos concellos equidade e transparencia a través dun plan único. As afinidades políticas non deben influír en ningún caso na dotación de recursos para os veciños e veciñas, estes deben poder escoller democraticamente ao seu alcalde ou alcaldesa, con independencia de que vaian a recibir máis ou menos recursos para financiar os servizos municipais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego do reparto de fondos entre os concellos que realiza a Deputación de Ourense?
2. Considera a Xunta de Galicia que o reparto de fondos que leva a cabo a Deputación de Ourense se está facendo baixo criterios de equidade, obxectividade e transparencia?

3. Cre o Goberno galego que se están a respectar por parte da Deputación de Ourense, os criterios obxectivos para o reparto de subvencións entre os concellos acordados por unanimidade na Federación Galega de Municipios e Provincias?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia poñer en marcha medidas para garantir o reparto de fondos entre os concellos non se realice baixo criterios subxectivos e discrecionais?
5. En caso afirmativo, qué medidas ten previsto poñer en marcha?

Pazo do Parlamento, 10 de agosto de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 11/08/2017 10:21:58

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/08/2017 10:22:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/08/2017 10:22:06

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/08/2017 10:22:11

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 08.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 14323(10/POC-002644)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para
reforzar e mellorar a situación dos xulgados de violencia
contra a muller

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na comisión 1ª**.

Combater a violencia machista é ou debera ser un dos obxectivos fundamentais das institucións. Dentro dos ámbitos que deben mellorar a súa actuación para traballar no obxectivo de erradicala salienta a Xustiza. Organizacións feministas, colectivos profesionais e partidos políticos teñen demandado a corrección das súas deficiencias así como a mellora dos medios e recursos da xustiza, concretada a través de elementos fundamentais como por exemplo a dotación dos recursos necesarios para mellorar os recursos humanos e materiais das dependencias xudiciais. Neste sentido, ocupa un lugar importante a creación e mantemento de xulgados específicos en materia de violencia contra as mulleres.

Cómpre recordar que segundo datos oficiais do Informe anual sobre violencia de xénero en Galiza, ao longo de 2016 denunciaron ser vítimas de violencia machista no noso país até 5.683 mulleres, tendo a segunda maior cifra na provincia da Coruña, con 2.193, cunha cifra moi similar á provincia pontevedresa que lidera con 2.210 casos. Ademais, foi na Coruña onde máis ordes de protección se demandaron, cun total de 614.

Neste contexto, desde o Bloque Nacionalista Galego observamos con preocupación a nova coñecida a comezos do verán de 2017 de que o Xulgado de Violencia de Xénero da Coruña sería administrado durante as vacacións estivais polo



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 12:47
Nº Rexistro: 14323
Data envío: 11/08/2017 12:47:23.517

xuíz ou xuíza de instrución que se atopara de garda en cada momento e non por unha persoa substituta específica. Alén das dificultades evidentes de compatibilizar os traballos derivados do xulgado de garda cos derivados do xulgado de violencia contra a muller pola alta carga de traballo, as e os nacionalistas vemos nesta situación unha falta de atención por parte dos poderes públicos que deberan garantir tanto o funcionamento operativo do xulgado como a participación nestes procesos de profesionais con formación específica.

As razóns coñecidas para esta decisión estaban fundamentadas na limitación de orzamentos da Dirección Xeral de Xustiza ao ter superadas as contías destinadas ás substitucións deste tipo. Máis aínda, resulta alarmante que coñecida e advertida esta situación tanto por forzas políticas como por colectivos profesionais como o propio Colexio de Avogados da Coruña, non se teña buscado unha solución e que no inicio de agosto non se conte, efectivamente, cunha persoa substituta específica. A diferenza doutras ocasións, o Ministerio de Xustiza non ten autorizado o adianto de fondos para substitucións, algo que para o Bloque Nacionalista Galego é unha absoluta irresponsabilidade e evidencia a irracionalidade do centralismo xudicial dun Estado español que non ten reparos en dar carta branca para incrementar o gasto orzamentario noutras partidas.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta as seguintes preguntas para a súa resposta na comisión 1ª:

- Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para impedir que a falta de recursos orzamentarios impida o bo desenvolvemento da actividade dos xulgados específicos de violencia contra a muller?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 12:47
Nº Rexistro: 14323
Data envío: 11/08/2017 12:47:23.517

- Como valora o goberno galego os problemas derivados da falta dun xuíz ou xuíza substituta para o Xulgado de Violencia de Xénero da Coruña no verán de 2017? cando tivo coñecemento desta situación o goberno galego? Que medidas tomou para evitalo?

- Ten avaliado o goberno galego o funcionamento dos xulgados e departamento específicos de violencia machista galego e as súas necesidades de mellora? En que termos?

- Considera o goberno galego que está garantida a atención xudicial en igualdade de condicións para as vítimas de violencia machista independentemente do seu lugar de residencia e época do ano?

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2017 12:47
Nº Rexistro: 14323
Data envío: 11/08/2017 12:47:23.517

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/08/2017 12:41:16

María Montserrat Prado Cores na data 11/08/2017 12:41:23

Ana Pontón Mondelo na data 11/08/2017 12:41:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/08/2017 12:41:27

Olalla Rodil Fernández na data 11/08/2017 12:41:29

Xosé Luis Bará Torres na data 11/08/2017 12:41:31

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 08.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 14348(10/POC-002650)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis

Sobre a recente xurisprudencia no eido contencioso-administrativo que lles reconece aos funcionarios interinos o dereito a percibir unha indemnización polo tempo traballado, e as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia en relación con esta situación

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Luis Villares Naveira, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 1.ª**, relativa á situación dos funcionarios interinos no sistema público autonómico galego.

A precarización que sofren os empregados públicos autonómicos desde o 2009 é unha realidade innegable. A temporalidade non fixo máis que aumentar de forma progresiva nos últimos 8 anos, de feito un dos sectores máis afectados foi o persoal de docentes non universitarios, que ademais de ver reducida a súa plantilla en máis de 1.500 profesionais, o seu número de interinos pasaron de ser o 6,31% no 2009 ao 14,87% durante o último ano. Estamos polo tanto, ante un aumento da temporalidade que afecta claramente aos dereitos dos traballadores.

Concretamente en Xullo deste ano, unha sentenza ditada polo xulgado Contencioso Administrativo número 2 da Coruña, reconece a un profesor interino o dereito a percibir unha indemnización polo tempo que estivo realizando unha substitución. A sentenza reconece unha indemnización de 20 días por ano traballado, similar á que corresponde a un despido por razóns obxectivas, técnicas, económicas, organizativas ou de produción. Argumentase que “a mera temporalidade” da relación contractual non exclúe o dereito a ser indemnizado ao contradicir o principio de igualdade da Directiva europea.

Esta resolución senta un precedente, xa que ata agora os tribunais españois só se pronunciaron a favor do persoal laboral das administracións, sen recoñecer este



dereito aos funcionarios interinos. Calcúlase que actualmente existen en España máis de 250.000 persoas nunha situación semellante, moitas delas traballando no sistema público autonómico galego. Varios sindicatos avisan de que se as administracións públicas non actúan para solucionar a problemática da temporalidade, poderíamos atoparnos ante milleiros de demandas que chegarían a colapsar os xulgados.

Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas para ao seu debate en Comisión:

1. Que opinión lle merece esta sentenza?
2. Cal é o número de afectados no sistema público autonómico galego?
3. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galicia ante os novos casos que se poden producir?

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 17/08/2017 11:23:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/08/2017 12:18
Nº Rexistro: 14348
Data envío: 17/08/2017 12:18:51.694

Luis Villares Naveira na data 17/08/2017 11:24:03

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 08.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. **Proposicións non de lei en Comisión**

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 08.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 8676(10/PNC-000916)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da
implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilegal no
Código penal, co fin de avanzar na loita contra a corrupción

Publicación do acordo, 112, 10.05.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, sobre a implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilícito no Código Penal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O fenómeno da corrupción en España resulta innegable, a súa existencia xera unha profunda desconfianza na cidadanía, sendo unha das principais preocupacións da sociedade española.

Esa desconfianza no sistema político e democrático, aumenta cando se observa que o ordenamento xurídico actual resulta insuficiente para atacar a esta lacra social de crecente intensidade.

Na situación de emerxencia social na que vive o país, vemos día a día un goteo incesante de noticias nas que políticos, servidores públicos e funcionarios están relacionados con condutas delituosas vinculadas á corrupción, coa correlativa axuda de empresarios ou particulares.

Resulta intolerable para o conxunto da sociedade o uso ou abuso dun cargo público para a obtención dun beneficio particular, para desta forma, incrementar o seu patrimonio persoal de maneira ilícita.

O delito de enriquecemento inxusto ou ilícito xorde para sancionar pola vía penal a aquel funcionario, cargo político ou servidor público que no exercicio

das súas funcións e valéndose da súa posición, incremente o seu patrimonio persoal de forma ilícita ou inxustificada, atendendo aos seus ingresos ou rendas.

Certo é que en España xa contamos con instrumentos legais, como, o suborno, a prevaricación, o tráfico de influencias, a apropiación indebida, a falsidade documental, a malversación de caudais públicos, o branqueo de capitais, delitos contra a Facenda pública, entre outros; cuxo fin, é castigar as condutas levadas a cabo por políticos, funcionarios ou servidores públicos que no uso do seu cargo obteñan un beneficio ilícito para si ou para terceiros; con todo, estes mecanismos resultan insuficientes e insatisfactorios para combater a corrupción dada a complexidade na súa investigación e as deficiencias probatorias. A Administración de Xustiza atópase desbordada pola cantidade de dilixencias a practicar, a dificultade das probas documentais, pola enxeñería financeira que enmaraña todo o proceso coa presenza de contas bancarias transfronteirizas, homes de palla, paraísos fiscais, entre outros.

Aínda que este delito non se atope tipificado no noso país, si que existen referentes no Dereito internacional, que o recomenda como medida insubstituíble para loitar contra a corrupción, e no Dereito comparado, que o contempla e aplica con resultados satisfactorios. A Convención das Nacións Unidas contra a corrupción, aconsella a tipificación do delito de enriquecemento ilícito, definíndoo no artigo 20 como *“o incremento significativo do patrimonio dun funcionario público respecto dos seus ingresos lexítimos que non poida ser razoablemente xustificado por el”*. De forma similar, pronúnciase o artigo 9 da Convención Interamericana contra a Corrupción.

O que se pretende é aplicar un tipo penal máis aberto e sinxelo na súa formulación, que garanta o normal e correcto funcionamento de cargos e

empregos públicos; que permita combater contra a corrupción e as súas consecuencias sociais e sancione, no ámbito penal, a ilícita obtención de beneficios económicos de funcionarios, políticos ou servidores públicos.

Polo exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei, para ao seu debate en comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao executivo central a implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilícito no Código Penal, para avanzar na loita contra a corrupción.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 04/05/2017 18:15:16

Luis Villares Naveira na data 04/05/2017 18:15:22

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 08.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 9066(10/PNC-000951)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co modelo de financiamento das entidades locais, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central para permitir o investimento polos concellos do seu superávit na liquidación orzamentaria

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9066
Data envío: 12/05/2017 16:06:50.486

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, César Fernández Gil, Julia Rodríguez Barreira, Aurelio Núñez Centeno e Isabel Novo Fariña**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de motivos:

A Federación Galega de Municipios e Provincias representa ás entidades locais de Galicia, recolle as súas demandas e necesidades; e no marco da colaboración institucional habitual coa Xunta de Galicia existe un diálogo fluído co fin de acadar solucións que dean resposta a esas necesidades.

Neste contexto o Vicepresidente da Xunta de Galicia ten manifestado en sede parlamentaria que o goberno autonómico apoia aos concellos e comparte moitas das súas aspiracións por iso a colaboración entre Xunta e FEGAMP é constante.

Unha das demandas trasladadas polas entidades locais á Xunta de Galicia refírese á revisión do modelo de financiamento.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a:

- 1.- Realizar un estudo pormenorizado, no seo da Subcomisión Permanente de Réxime Económico e Financeiro, sobre as axudas que a Xunta de Galicia destina aos concellos, e que a vista do resultado do mesmo se determinen as axudas que poden ser integradas no Fondo de Cooperación Local.
- 2.- No eido da normativa de transparencia, estudar a mellora dos mecanismos que permitan a visualización das axudas recibidas polas entidades locais de Galicia.
- 3.-Revisar os mecanismos que permitan a axilización e simplificación dos trámites a realizar por parte das entidades locais e estudar a posibilidade de prever nas



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 9066
Data envío: 12/05/2017 16:06:50.486

subvencións destinadas ás entidades locais a realización de pagamentos anticipados, nos supostos e cas limitacións impostas pola normativa de subvencións.

4.-A que inste ao Goberno de España a levar a cabo as modificacións lexislativas oportunas para permitir aos concellos o emprego do superávit, dentro dos límites marcados pola normativa europea de estabilidade orzamentaria.

Santiago de Compostela 12 de maio de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/05/2017 16:04:36

Paula Prado Del Río na data 12/05/2017 16:04:54

César Manuel Fernández Gil na data 12/05/2017 16:05:09

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 12/05/2017 16:05:13

María Isabel Novo Fariña na data 12/05/2017 16:05:22

María Julia Rodríguez Barreira na data 12/05/2017 16:05:36

Alberto Pazos Couñago na data 12/05/2017 16:05:47

Jacobo Moreira Ferro na data 12/05/2017 16:05:58

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 08.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 10547(10/PNC-001094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación dun mecanismo
galego preventivo en materia de menores

Publicación da iniciativa, 132, 21.06.2017

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á creación dun Mecanismo galego preventivo en materia de menores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza existen numerosos centros de menores, que poden ser de xestión pública ou privada. Aínda que os máis coñecidos poden ser os centros de reforma, que teñen un control xudicial cando menos teórico do xulgado de menores, existen tamén centros de protección que teñen un control xudicial non directo. Se temos en conta os centros de protección, de reforma e de trastornos de conduta, estamos a falar dunha poboación de máis de 1.200 menores (ano 2016).

Diversos colectivos de defensa dos dereitos fundamentais teñen posto de manifesto a necesidade de reforzar os controis para velar polos dereitos dos menores internos en centros de custodia, máis aínda se se ten en conta que algúns deles están xestionados por entidades privadas.

Desde o BNG compartimos esta demanda e consideramos que a forma máis acaída para facelo é a creación dun **Mecanismo galego de prevención en materia de menores**, seguindo o modelo que define o Protocolo Facultativo á Convención Contra a



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2017 17:13
Nº Rexistro: 10547
Data envío: 15/06/2017 17:13:29.704

Tortura e outros Tratamentos ou Penas Cruéis, Inhumanos ou Degradantes, que foi ratificado polo Estado español.

Aínda que a nivel de Estado existe o Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura, dependente da institución do Defensor del Pueblo, a Xunta de Galiza ten transferidas as competencias en materia de menores, polo que está plenamente xustificada a creación do mecanismo preventivo.

Para a elaboración da norma que regule o Mecanismo galego de prevención en materia de menores, consideramos de interese o informe-proposta elaborado por *Esculca Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades*. Trátase dun órgano previsto no Protocolo Facultativo, nos artigos 17 a 23, e estaría formado por persoas independentes, coas competencias que recollen os artigos 19 e 20 do Protocolo.

A creación deste Mecanismo preventivo debe facerse mediante unha norma cando menos co rango de Decreto, que deberá incluír como mínimo o ámbito de aplicación, a forma de designación das persoas que integren o mecanismo e os requisitos destas, as competencias do mecanismo, garantías das persoas integrantes e do seu labor, duración, etc.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a crear o mecanismo galego preventivo en materia de menores, formado por persoas independentes e coas competencias que recollen os artigos 19 e 20 do Protocolo Facultativo á Convención



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2017 17:13
Nº Rexistro: 10547
Data envío: 15/06/2017 17:13:29.704

Contra a Tortura e outros Tratamentos ou Penas Cruéis, Inhumanos ou Degradantes,
que foi ratificado polo Estado español.”

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/06/2017 17:11:47

Noa Presas Bergantiños na data 15/06/2017 17:11:53

Olalla Rodil Fernández na data 15/06/2017 17:11:58

María Montserrat Prado Cores na data 15/06/2017 17:12:01



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2017 17:13
Nº Rexistro: 10547

Data envío: 15/06/2017 17:13:29.704

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/06/2017 17:12:03

Ana Pontón Mondelo na data 15/06/2017 17:12:05

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 08.09.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 13386(10/PNC-001255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a realización por parte da Xunta de Galicia dunha
auditoría externa que avalíe a implantación do sistema LexNet
en Galicia

Publicación da iniciativa, 166, 31.08.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 13:31
Nº Rexistro: 13386
Data envío: 01/08/2017 13:31:38.034



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

A Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e comunicación na Administración de Xustiza, foi un paso para a súa modernización. Regulou por vez primeira o expediente xudicial electrónico en España. Facíase así efectivo o dereito á tutela xudicial efectiva, sendo un dos elementos máis relevantes a incorporación nas oficinas xudiciais das novas tecnoloxías, que permiten abaratar os custos do servizo público de xustiza e que actualizan o dereito fundamental a un proceso público sen dilacións indebidas. En virtude desta lei, o día 1 de xaneiro de 2016 comezaron as notificacións telemáticas a través do sistema LexNet, con multitude de problemas.

Ademais, xa hai tempo que os distintos operadores xurídicos advertían de que a fiabilidade do sistema non era boa, que non era fiable nin controlable, polo que tiña sentido realizar unha auditoría externa que avaliase a implantación do sistema LexNet. Pois ben, nestes días esa falla de fiabilidade amosouse: o día 27 de xullo pola tarde, soubemos dun fallo no sistema de seguridade que permitía o acceso á plataforma, de maneira que todos os datos e ficheiros da Administración de Xustiza foron de libre acceso para calquera persoa. O propio subdirector Xeral do Ministerio de Xustiza así o confirmou ata que o Ministerio decidiu desconectala.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 13:31
Nº Rexistro: 13386
Data envío: 01/08/2017 13:31:38.034



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha auditoría externa que avalíe a implantación do sistema LexNet en Galicia.
2. Demandar ao Goberno do Estado a dimisión do director xeral de Xustiza.

Pazo do Parlamento, 1 de agosto de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/08/2017 13:27:39

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/08/2017 13:27:44

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/08/2017 13:27:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2017 13:31
Nº Rexistro: 13386
Data envío: 01/08/2017 13:31:38.034



 **Grupo Parlamentario**

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/08/2017 13:27:50

Partido dos
Socialistas
de Galicia